

Plan de acollida

IES A Sardiñeira

Curso 2022-2023



A Coruña, a 4 de setembro de 2022

Índice

1.	Acollida do alumnado o primeiro día de clase.	3
2.	Normas de organización e funcionamento do centro.	7
2.1	Entradas, saídas, horarios e móbil.	7
2.2	Autorizacións.....	9
3.	Aulas virtuais.	9
3.1	Aulas virtuais e incidencias internet.	9
4.	Comunicacións familias-centro.	9

1. Acollida do alumnado o primeiro día de clase.

Benvidos e benvidas ao IES A Sardiñeira. Pregamos que lean con atención o presente Plan de acollida e sigan todas as indicacións recollidas, para minimizar as incidencias os primeiros días de clase.

O alumnado accederá ao centro **sen familias**, agás casos comunicados e autorizados previamente por Xefatura de estudos.

O alumnado de 1º e 2º ESO será recibido polos seus titores/as e o equipo directivo na porta principal, dentro do recinto escolar.

O resto do alumnado de ESO e Bacharelato, que xa coñece o centro, comprobará no expositor da porta principal en que grupo está asignado e irá ordenadamente ata a súa aula. As aulas están indicadas. Os titores/as deses niveis agardarán ao alumnado nas aulas. O alumnado de Bacharelato accederá polas escaleiras laterais que dan acceso aos Departamentos.

Rógase puntualidade e que non accedan ó centro antes da hora indicada.

O alumnado está distribuído nos diferentes grupos seguindo criterios **estritamente** pedagóxicos e/ou de optatividade de materias ou itinerarios académicos. **Non** se atenderá ningún cambio de grupo solicitado por familias por razóns de amizade, antigos compañeiros/as ou similares. Os grupos de alumnado varían cada curso académico.

Material.

O primeiro día de clase todo o alumnado deberá acudir con libreta/folios e bolígrafo para apuntar as indicacións dos seus titores/as. Non hai que traer os libros de texto.

A partir do día 9 de setembro, o alumnado xa terá o horario e deberá traer o material/equipamento preciso. Se o alumnado aínda non ten todos os libros das diferentes editoriais

comunicará esta circunstancia ou calquera outra de relevancia ao seu titor/a o primeiro día de clase.

Armariños.

O primeiro día de clase o titor/a entregará as autorizacións para a solicitude dos mesmos. Unha vez asinadas devolveranse ao titor/a para que Vicedirección proceda a entrega de chaves correspondentes. Non haberá que depositar fianza pero en caso de perda da chave, o alumno deberá pagar a copia da mesma.

EDIFICIO GRIS: SECUNDARIA E BACHARELATO.

CURSO	DÍA	HORA DE PRESENTACIÓN	ACOLLIDA POLO TITOR/A	SAÍDA
1º ESO	08/09/2022	12:00 h	Os titores/as recibirán na porta principal aos seus grupos	13:30h
2º ESO	08/09/2022	12:10 h	Os titores/as recibirán na porta principal aos seus grupos	13:30h
3º ESO	08/09/2022	11:50 h	O alumnado accederá directamente á aula pola porta principal	13:00h
4º ESO	08/09/2022	11:50 h	O alumnado accederá directamente á aula pola porta principal	13:00h
1º BAC	08/09/2022	12:00h	O alumnado accederá directamente á aula pola tarde lateral (escaleras de acceso a Departamentos)	13:00h
2º BAC	08/09/2022	12:00h	O alumnado accederá directamente á aula.	13:00h

A actividade lectiva comezará no horario habitual **o día seguinte.**

Non haberá transporte o día 8 de setembro. Comezará, nas rutas habituais, o venres 9 de setembro.

EDIFICIO ROSA: CICLOS FORMATIVOS

CURSO	DÍA	HORA PRESENTACIÓN
1º Ciclo Medio Operacións Laboratorio (CMOL)	08/09/2022	10:00 h
1º Ciclo Superior de Laboratorio de análise e de control de calidade (CSLACC)	08/09/2022	10:30 h
1º Ciclo superior de Química Industrial (CS QI)	08/09/2022	11:00 h
1º Ciclo superior de Química Industrial DUAL Repsol e Hijos de Rivera (CS QI-Dual)	08/09/2022	11:30 h
2º CMOL	08/09/2022	12:00 h
2º CSLACC	08/09/2022	12:15 h
2º CS QI	08/09/2022	12:30 h
CSLACC nocturno (A) e CSLACC nocturno (B)	08/09/2022	16:30 h

A actividade lectiva comezará no horario habitual **o día 9 de setembro.**

2. Normas de organización e funcionamento do centro.

2.1 Entradas, saídas, horarios e móbil.

As entradas e saídas están sinalizadas.

A entrada e saída do centro será polas portas peonís de acceso indicadas.

As portas de entrada e saída dos coches non son peonís. Non poden ser utilizadas polo alumnado.

Para entrar e saír aos recreos, o **alumnado autorizado** accederá polas portas peonís de acceso indicadas.

Á saída da xornada escolar, non se permite que o alumnado quede formando agrupacións ou xogue nos patios. Non está permitido formar agrupacións na vía pública, fóra do recinto escolar.

O alumnado debe deixar o seu material recollido a última hora e prepararse para saír de forma ordenada.

Nas comunicacións verticais o uso do elevador queda limitado as persoas que o precisen por motivos de mobilidade, que deberán usar máscara.



Lembramos que na ESO e Bacharelato **NON está permitida** a tenencia do móbil en todo o recinto escolar, (interior e exterior), agás puntualmente para fin pedagóxicos por requirimento dun docente e unicamente na sesión e materia indicada. (NOF do centro aprobadas polo Consello escolar 27.01.2022)

Poden ler aquí as [Normas Orgánicas de funcionamento do centro \(NOF\)](#).

Poden atopar aquí o resto [de Documentos do centro](#) aprobados polo Consello Escolar.

Cadro resumo de horario para todo o curso.

<u>GRUPOS</u>	<u>ENTRADA</u>	<u>SAÍDA</u>
<u>1º, 2º ESO, 3º e 4º ESO e Bacharelato</u>		
Luns a venres 8:45h a 14 :25h		
Martes tarde: 16:30h a 18:10h		
<u>Ciclos formativos</u>		
✓ Ordinario e Dual		
Luns a venres 8:45h a 14:15h		
*Tardes: 16:30h a 19:00h		
<i>*Cada grupo ten dúas tardes asinadas no seu horario</i>		
✓ Adultos (Modular)		
**Tardes: 16:30h a 21:30h		
<i>**O alumnado entrará á hora correspondente segundo os módulos nos que se matriculou. As saídas serán segundo o horario que teña cada alumno ou grupo.</i>		

2.2 Autorizacións.

Durante os primeiros días de clase o alumnado levará diversas autorizacións, que serán asinadas, se é o caso, polos proxenitores ou titores legais e devoltas ó titor/a o antes posible (declaración de saúde responsable, uso de dereitos de imaxe, autorización para os armariños...).

É importante que fagan unha lectura detallada de todos os impresos e consulten calquera dúbida no centro.

3. Aulas virtuais.

3.1 Aulas virtuais e incidencias internet.

O profesorado prestará especial atención nas primeiras semanas a ensinar ao alumnado o uso das plataformas virtuais. Rógase ao alumnado que non dispoña de medios telemáticos para seguir as aulas virtuais Moodle, que o comunique ao seu titor/a o antes posible.

No mes de setembro, os/as titores/as identificarán ao alumnado que, por mor da falta de recursos ou de conexión no seu fogar, puidera non ter acceso a Internet ou plataformas telemáticas e o notificarán ao Equipo directivo. As familias poden indicar esta circunstancia ou calquera outra relevante á Dirección ou Xefatura de Estudos no correo ies.sardineira@edu.xunta.gal.

4. Comunicacións familias-centro.

Poden ler o [Plan de comunicación do centro](#) aquí.

Será **indispensable que as familias** pidan cita previa para reunirse cos titores/as, docentes do grupo Dirección, Xefatura de Estudos ou Vicedirección.

Poden solicitar cita cos titores/as ou outros docentes a través de abalar e ao equipo directivo no correo ies.sardineira@edu.xunta.gal.

Equipo directivo.

Directora: Begoña de Blas Fernández

Xefa de Estudos diurno: María Bascuas Domínguez

Vicedirectora: Esther Tarrío Tato

Secretaria: Aurelia Rivero González

Xefe de estudos adultos: Mariano Pazos Afonso

As reunións soamente se producirán cos responsables autorizados do alumnado. Neste mesmo sentido e pola seguridade do alumnado, lembren que está prohibido para o alumnado en etapas obrigatorias abandonar o centro con adultos que non sexan os **responsables autorizados**.

Desexámoslles un moi feliz curso 2022-2023 a todos e todas!

En A Coruña, a 4 de setembro de 2022

Equipo Directivo do IES A Sardiñeira.